

## ACTA

En Arzúa, a 19 de xullo de 2016.

Sendo as 9.00 horas, na Aula número 4 do edificio municipal multiusos, nomeado “Terra do Queixo”, sito na rúa Padre Pardo, reunense os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba teórica** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar a persoa que desempeñará o posto de traballo de Educador familiar, na modalidade de funcionario interino, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 12 de abril de 2016.

E iso co obxecto de que a aspirante Tania Losada Figueroa poida realizar este exercicio, xa que non puido realizalo o pasado día 11 de xullo (xunto cos aspirantes definitivamente admitidos que compareceron a realizalo), polo motivo de que figuraba como excluída na lista definitiva que se publicou o día 8 de xullo de 2016, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello; por canto que, se ben é verdade que a subsanación que tiña que realizar, na documentación inicialmente presentada, presentouna na Deputación Provincial de Pontevedra o día 4 de xullo (é dicir, un día antes de que rematase o prazo de dez días hábiles concedido para subsanar erros ou omisións na súa documentación), sucedeu que esa nova documentación -resultante da subsanación- non chegou a este Concello ata o día 12 de xullo.

Polo que, estando convocados os aspirantes que superaron o exercicio teórico (realizado o día 11 de xullo), para que comparecesen o día 19 de xullo (martes), ás 10.00 horas, para realizar o seu exercicio práctico, considerouse procedente -de común acordo coa aspirante Tania Losada Figueroa- convocala para que comparecese no día de hoxe a realizar o seu exercicio teórico, as 9.00 horas, e no caso de que obteña unha puntuación igual ou superior a 15 puntos en dito exercicio teórico, convocala para que compareza as 10.00 horas, xunto cos restantes aspirantes, para realizar o exercicio práctico, todo iso na mesma aula do edificio multiusos.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidenta: D<sup>a</sup>. María Teresa Gómez Cea (*Educadora familiar do Concello de Boimorto*).
- Vogais:
  - D<sup>a</sup>. Guadalupe Vázquez Ascariz (*Traballadora social do concello de Toques*).
  - D<sup>a</sup>. Ana Suárez Varela (*Mestra do Colexio de Educación infantil e Primaria de A Igrexa-Calo do concello de Teo*).
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do Concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1, da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común--, a presidenta procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización de dito exercicio por parte da citada aspirante.

Para o cal, pola presidenta e por as dúas vogais, elaboráronse -con anterioridade ao comezo deste exercicio- as trinta cuestións en que consistirá dito exercicio, de maneira que cada cuestión formulada tivera catro respostas alternativas, sendo só unha de tales respostas a considerada como correcta.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias dos cinco folios polas dúas caras que conteñen as trinta preguntas elaboradas, incluíndo tamén dúas preguntas de reserva, procedeuse a facer entrega de ditas fotocopias a citada aspirante; facéndolle saber o secretario da Comisión Seleccionadora:

- Que debería marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta, preferentemente cun círculo.
- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0,25 puntos as respostas incorrectas, mentres que as respostas en branco non puntuarían nin restarían.
- Que será necesario obter unha puntuación de 15 puntos sobre 30 posibles, para superar este exercicio.
- Que a corrección do exercicio realizarase con anterioridade a proba práctica.
- Que a puntuación obtida se recollerá na acta que se estenda desta reunión, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello, no día de hoxe.
- Que o tempo máximo para responder ás trinta preguntas elaboradas, sería de 45 minutos, desde as 9.26 horas ata as 10.11 horas.

Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe; figurando tamén as respostas correctas ao mesmo, para coñecemento da aspirante que realizou dito exercicio:

**1- O traballo en equipo implica:**

- a) Crear uns subsistemas de interdisciplinidade, multiprofesionalidade e transdisciplinidade
- b) Manter unha actitude obxetiva e neutral cos distintos membros da unidade familiar.
- c) Confidencialidade e respecto coa intimidade da familia.
- d) Ninguna das anteriores é correcta.

**2.- ¿Cal destas respostas non é unha función xeral dos/as profesionais da Educación**

**Familiar?:**

- a) Avaliación inicial das situacións de dificultade a nivel familiar e comunitario.
- b) Sensibilización e formación familiar a nivel comunitario.
- c) Planificación e execución das accións dirixidas a promover o desenvolvemento integral das familias e a súa participación na sociedade.
- d) Xestionar, programar e avaliar proxectos e recursos que incidan no benestar das familias.

**3.-As fases do proceso de acompañamento socioeducativo son:**

- a) Fase previa de valoración da idoneidade do programa, fase de construción da relación e da demanda e fase de desenvolvemento do proxecto de intervención familiar.
- b) Fase previa de valoración da idoneidade do programa, fase inicial de construción da relación e da demanda, fase de definición e desenvolvemento do proxecto de intervención familiar e fase de peche da intervención e redefinición da relación.
- c) Fase previa de valoración da idoneidade do programa, fase inicial de definición e desenvolvemento do proxecto de intervención familiar e fase de intervención e redefinición da relación.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

**4.- As fases do proxecto de intervención socioeducativa na comunidade son:**

- a) Diagnóstico, planificación, implementación e avaliación.
- b) Diagnóstico, planificación e realización do proxecto de intervención.
- c) Diagnóstico, planificación do proxecto de intervención e avaliación.
- d) Recollida de información, planificación do proxecto de intervención e avaliación.

**5.- Si se evalúa que existe risco para a integridade física e psicolóxica da muller e/ou dos/as menores, procederase:**

- a) Poñendo en marcha recursos de seguridade e protección especial: legais, forzas de seguridade...
- b) Informando á muller en primeiro lugar.
- c) Derivando á atención psicolóxica especializada.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

**6.- Sinala cal de estas respostas se corresponde con tipoloxías de maltrato infantil:**

- a) Maltrato emocional.
- b) Abuso de autoridade.
- c) Neglixencia.
- d) A e C son correctas.

**7.- Os efectos da violencia doméstica nos nenos/as son:**

- a) Aumento da confianza e autoestima.
- b) Maior creación de vínculos afectivos.
- c) Sentidos de culpabilidade.
- d) Ningunha é correcta.

**8.-A Orde de protección nun caso de violencia de xénero:**

- a) Recolle medidas de carácter penal, implícitas na orde de protección.
- b) Non recolle medidas de carácter civil, que aparecen recollidas na orde de protección.
- c) Non habilita á muller para solicitar as axudas económicas existentes, asistencia social, asistencia xurídica, asistencia psicolóxica e calquera outra asistencia que recolle a lei.
- d) Todas son incorrectas.

**9.- Para que contempla la Lei 1/2004 de 28 de decembro a protección dos menores que se atopan dentro do contorno familiar, vítimas directas ou indirectas da violencia de xénero?:**

- a) Para a tutela dos dereitos dos menores.
- b) Para garantir de forma efectiva as medidas de protección adoptadas con respecto á muller.
- c) Para que os menores non sexan tamén vítimas de malos tratos.
- d) Son correctas as respostas a) e b).

**10.-¿Cal destes obxectivos non aparece no III Plan de Igualdade do Concello de**

### **Arzúa?**

- a) Educación e sensibilización
- b) Benestar social, empoderamento e asociacionismo
- c) Participación e corresponsabilidade
- d) Violencia de xénero e saúde

### **11.- ¿Cales son os elementos constitutivos do Municipio que gardan paralelismo cos do Estado e a Provincia?**

- a) Territorio e poboación.
- b) Territorio, poboación e organización.
- c) Poboación e organización.
- d) Só territorio.

### **12.- Conforme ao artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, as Ordenanzas das Corporacións Locais publícanse:**

- a) No Boletín Oficial da Provincia.
- b) No boletín Oficial da Comunidade Autónoma a que pertenzan.
- c) No Boletín Oficial da Provincia e no boletín Oficial da Comunidade Autónoma a que pertenzan.
- d) Ningunha é correcta.

### **13.- Os Municipios que han de incluír a prestación de servizos sociais entre as súas competencias son aqueles de:**

- a) Máis de 40.000 habitantes.
- b) Máis de 20.000 habitantes.
- c) Menos de 20.000 habitantes.
- d) Máis de 10.000 habitantes.

### **14.- O goberno e a administración municipal corresponde aos concellos , pero, por que elementos están integrados, nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes:**

- a) Pleno e o alcalde.
- b) Pleno, o alcalde e os tenentes de alcalde.
- c) Pleno, o alcalde, os tenentes de alcalde e a xunta de goberno local.
- d) Pleno, o alcalde, os tenentes de alcalde e a xunta local de seguridade.

### **15.- Según o artigo 22 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, non corresponde ao Pleno:**

- a) O control e fiscalización dos órganos de goberno.
- b) A aprobación inicial do planeamento xeral e dos plans urbanísticos.
- c) Dirixir o goberno e a administración municipal.

d) A aceptación da delegación de competencias feita por outras Administracións Públicas.

**16.- As técnicas para implicar ás familias nunha entrevista en intervención familiar son:**

- a) Non tomar notas.
- b) Animar ao entrevistado a facer propostas concretas.
- c) Facer unha síntese do tratado.
- d) As respostas b) e c) son correctas.

**17.-¿Qué entendemos por entrevista?:**

- a) Conversación directa entre dúas ou máis persoas na que se ten un obxectivo previo.
- b) Conversación na que se deixa falar libremente ao usuario
- c) Conversación mantida sobre un tema
- d) Conversación na que se recollen datos estruturados.

**18.- ¿Qué características podemos encontrar na entrevista?:**

- a) Orientación, motivación, información, asesoramento, terapia, tratamento e seguemento
- b) Que se centra no individuo e nun problema.
- c) Que se establece pola palabra, facilita a comprensión, é un medio profesional e posibililita a empatía.
- d) A autodeterminación, a individualización, o respecto, a aceptación, a actitude exenta de xuízo e o segredo.

**19.- Señala a resposta incorrecta en canto aos obxectivos da atención temperá:**

- a) Reducir os efectos dunha deficiencia ou déficit sobre o conxunto global do desenvolvemento do neno
- b) Considerar ao neno como suxeito pasivo da intervención
- c) Considerar á familia como principal axente da intervención
- d) Introducir os mecanismos necesarios de compensación, de eliminación de barreiras e adaptación a necesidades específicas.

**20.-En Atención Temperá, a definición xeral de risco é:**

- a) Enténdese por risco calquera factor ou circunstancia (biolóxica ou ambiental) que aumente a posibilidade de que unha persoa presente posteriormente unha deficiencia ou alteración no seu desenvolvemento.
- b) Enténdese como risco calquera factor ou circunstancia (biolóxica) que aumente a posibilidade de que unha persoa presente posteriormente unha deficiencia ou alteración no seu desenvolvemento.
- c) Enténdese como risco calquera factor ou circunstancia (biolóxica) que diminúa a posibilidade de que unha persoa presente posteriormente unha deficiencia ou alteración

no seu desenvolvemento.

- d) Enténdese por risco calquera factor ou circunstancia (biolóxica ou ambiental) que diminúa a posibilidade de que unha persoa presente posteriormente unha deficiencia ou alteración no seu desenvolvemento.

**21.- As actuacións dirixidas en Atención Temprá á poboación de risco, denomínanse:**

- a) Prevención primaria.
- b) Prevención secundaria.
- c) Prevención terciaria.
- d) Prevención permanente.

**22.- En Atención Temprá, que se entende por risco biolóxico/médico:**

- a) Nenos con diagnóstico polo que se sabe que o seu desenvolvemento non vai ser normativo.
- b) Nenos que baixo condicións biolóxicas/médicas teñen maior probabilidade de sufrir retraso no seu desenvolvemento.
- c) Nenos que, baixo condicións ambientais, teñen maior probabilidade de sufrir retraso no seu desenvolvemento.
- d) Ninguna das respostas é correcta.

**23.- Dos tres niveis de prevención en Atención Temprá, a prevención secundaria enténdese como:**

- a) Actuacións dirixidas a grupos con problemas.
- b) Actuacións universais.
- c) Actuacións dirixidas a poboación de risco.
- d) Son correctas as respostas a) e c).

**24.-Elixe a secuencia formada por elementos que compoñen un proxecto socioeducativo:**

- a) Diagnóstico, natureza do proxecto, obxectivos, metas, beneficiarios, produtos, metodoloxía, cronograma.
- b) Especificación operacional das actividades e tarefas a realizar, indicadores de avaliación, bibliografía.
- c) A, e B son correctas
- d) Ningunha é correcta

**25.-Dentro das características básicas do acoso escolar non está:**

- a) Indefensión
- b) Ignorancia ou pasividade do entorno
- c) Provocación ao acosador

d) Persistencia

**26.-O protocolo de actuacións ante emerxencias deberá conter:**

- a) Identificación e función das persoas e equipos que interveñen e do responsable da súa posta en marcha.
- b) Identificación mercantil e fiscal da empresa.
- c) A relación completa dos postos de traballo e as categorías profesionais.
- d) inventario de máquinas e sustancias perigosas do centro de traballo.

**27.- Considéranse danos derivados do traballo:**

- a) Os accidentes e enfermidades que poda sufrir un traballador.
- b) Enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas en relación co traballo.
- c) Enfermidades profesionais e riscos non laborais.
- d) Calquera lesión que sufra o traballador na súa vida diaria.

**28.- ¿Qué nome reciben as distintas fases que son levadas a cabo na Investigación?:**

- a) Momentos
- b) Etapas
- c) Elementos
- d) Ningunha é correcta

**29.- O/os aspecto/s máis relevante/s nos que a familia debe cooperar co proceso educativo do neno/a é/son:**

- a) Neutralizar o apoio afectivo e emocional.
- b) Adoptar unha actitude de control sobre o centro educativo e cara o profesorado.
- c) Establecer una comunicación permanente co profesorado e colaborar nas tarefas educativas que se indican por parte do centro.
- d) Todas as respostas son correctas

**30.- Señala das seguintes a resposta correcta:**

- a) A Educación Infantil contribuirá a desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica de conflitos e para comprender e respetar a igualdade entre sexos.
- b) A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado a capacidade para relacionarse cos demais de forma pacífica e para coñecer, valorar e respetar a igualdade de oportunidades de homes e mulleres.
- c) A Educación Primaria contribuirá a desenvolver na infancia a aprendizaxe na resolución pacífica de conflitos.
- d) Todas as respostas son correctas.

## PREGUNTAS DE RESERVA

### 1.- Que tipo de risco é o abandono?:

- a) Risco biolóxico/médico.
- b) Risco ambiental.
- c) Risco establecido.
- d) Risco socioeconómico.

### 2.- O seguemento e avaliación do III Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Arzúa realizarase entre os anos:

- a) 2013 e 2016
- b) Decembro 2012 e xaneiro 2017
- c) 2012 e 2015
- d) As respostas a), b) e c) son incorrectas

## SOLUCIÓNS

1.- a)	16.- d)
2.- d)	17.- a)
3.- b)	18.- c)
4.- a)	19.- b)
5.- b)	20.- a)
6.- d)	21.- b)
7.- c)	22.- b)
8.- a)	23.- c)
9.- d)	24.- c)
10.- b)	25.- c)
11.- b)	26.- a)
12.- a)	27.- b)
13.- b)	28.- b)
14.- c)	29.- c)
15.- b)	30.- b)

Solución preguntas de reserva: **1 b)**

**2 a)**

Dándose a circunstancia de que a aspirante Tania Losada Figueroa entregou ás 9.50 horas o exercicio realizado, polo que pola Comisión Seleccionadora procedeuse a levar a cabo acto seguido a súa corrección.

E como resultado desa corrección, a Comisión Seleccionadora, -por unanimidade dos tres membros integrantes con dereito a voto- outorgou á aspirante unha puntuación de 16,25 puntos.

Tras repasar de novo o exercicio realizado pola aspirante.

Adoptouse -tamén por unanimidade dos tres membros con dereito a voto da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Ratificar a puntuación que quedou indicada, e publicar no Taboleiro de Edictos



da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que a interesada poida coñecer cal foi a puntuación obtida neste primeiro exercicio, de carácter teórico da oposición.

**Segundo.-** Ao superar a aspirante Tania Losada Figueroa o exercicio teórico, de conformidade coa conversa que se mantivera con ela, considerase convocada para que realice o exercicio práctico da oposición as **10.00 horas** do día de hoxe, xunto cos demais aspirantes que superaran o exercicio teórico o día 11 de xullo; cuxo exercicio consistirá na realización dun suposto práctico determinado pola presidenta e polos vogais da Comisión Seleccionadora, que estará directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario incluído no Anexo I das Bases; facéndolle saber que ese exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos, para o cal se disporá dun tempo máximo de sesenta minutos.

Co cal deronse por rematadas as actuacións que quedaron descritas, ás 10.05 horas do día de hoxe; estendéndose a presente acta, para ser subscripta polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal eu, secretario de dita Comisión dou fe.